

Luns, 18 de decembro de 2017

Núm. 240

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL**

ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE (VIGO)

Persoal, oposicións*CORRECCIÓN DE ERROS DO ANUNCIO DE CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN CON
CARÁCTER INTERINO DUN POSTO DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN***CORRECCIÓN DE ERROS**

Advertido erro material no apartado 2 das bases polas que se rexe a convocatoria pública para a provisión con carácter interino dun posto de Secretaría-Intervención da Entidade Local Menor de Bembrive, publicadas no BOP de Pontevedra núm. 233 do 5 de decembro de 2017; e de conformidade ao establecido no art. 22.1 apdo. c) do Real Decreto 1174/1987, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter estatal, que indica textualmente:

“Para participar nas probas selectivas, os aspirantes estarán en posesión, no momento en que remate o prazo de presentación de instancias, dalgún dos seguintes títulos académicos: (...) c) Subescala de Secretaría-Intervención: Licenciado en Dereito, Licenciado en Ciencias Políticas e da Administración, Licenciado en Socioloxía, Licenciado en Administración e Dirección de Empresas, Licenciado en Economía, Licenciado en Ciencias Actuais e Financeiras.”

Esta Alcaldía, ao non contemplarse nas bases algunhas das titulacións que establece o apartado c) transcrito anteriormente, acordou corrixir o citado erro, e por elo proceder a:

- Engadir na base núm. 2 as titulacións de Licenciado en Ciencias Políticas e da Administración, e de Licenciado en Socioloxía.
- Abrir un novo prazo de 20 días naturais, a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio no BOP de Pontevedra, para a presentación de solicitudes.
- Conservar as solicitudes dos aspirantes presentadas neste proceso e que cumpran cos requisitos mínimos establecidos.

Bembrive, a 11 de decembro de 2017.

O Alcalde Pedáneo,
Roberto Ballesteros Costas

